

# SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

MOAÑA

22 e 23 de outubro de 10h a 12h

A cargo de:

Rocío Romero Rouco, psicóloga de AFAMO

Romina Ferral García, traballadora social de AFAMO

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

Máis info: [info.fadeal@gmail.com](mailto:info.fadeal@gmail.com) / 610 437 895

Programa realizado pola Federación Atlántica de Asociacións de Familiares de Persoas con Alzhéimer e outras Demencias (FADEAL) en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra

# ALZHÉIMER DE PRETO

Formación sobre Alzheimer e outras demencias: para coidadores/as familiares, persoas diagnosticadas en fase temperá e público interesado



MOAÑA



Colabora:



Deputación  
Pontevedra



afaga | ó teu carón  
Alzheimer



afapo  
Alzheimer Pontevedra



AFAMO  
Asociación de Familiares de Persoas con Alzheimer do Mondo



AFASAL

**“Alzhéimer de preto”** pretende realizar unha sesión informativa en cada un dos 61 concellos da provincia e comezar a romper as barreiras que moitas veces se atopan as persoas que viven no rural.

Nestas sesións ofreceranse unha primeira aproximación á enfermidade e a súa evolución, as pautas que poidan facilitarlle o día a día ás familias coidadoras, ademais de asesoramento sobre os recursos dispoñibles.



Na provincia de Pontevedra estímase que hai 18.629 persoas con alzhéimer ou outro tipo de demencia neurodegenerativa.



Na actualidade, as demencias afectan ao 12,5 % das persoas maiores de 65 anos e ao 31,25 % das que superan os 85 anos.



Trátase dunha doença que afecta a toda a súa contorna sociofamiliar (a persoa coidadora principal inviste unha media de 60 horas semanais nesta tarefa).



Moitas destas persoas residen en poboacións rurais, e en bastantes ocasións carecen dun servizo especializado para seren atendidas.



## Pessoas destinatarias

- ✓ Familias ou persoas coidadoras principais dunha persoa diagnosticada de alzhéimer ou dalgúnha outra demencia
- ✓ Persoas diagnosticadas, en fase moi temprá e aínda conscientes do seu diagnóstico
- ✓ Público en xeral que teña inquedanzas sobre esta enfermidade

## Contidos da sesión informativa

### Área sanitaria (2 horas)

- Diagnóstico
- Factores de alarma
- Pautas de comportamento
- Tratamentos farmacolóxicos
- Avances en investigación

### Área social (2 horas)

- Tratamentos non farmacolóxicos
- Recursos de apoio psicolóxico
- Recursos sociais
- Recursos xurídicos